



XUNTA
DE GALICIA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
IES de Pastoriza
Rúa do Lagarto, Esq. Furoca, s/n.
15140 Pastoriza. Arteixo (A Coruña).
Tlf:981 64 75 17 Fax:981 64 75 19

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES.PASTORIZA

CURSO 2011/12

Programación xeral anual curso 2011/12

ÍNDICE

CAPÍTULO I

- 1.- Plan anual.
- 2.- Horario xeral do centro.
- 3.- Organización de servizos complementarios.

CAPÍTULO II

- 4.- Organización do Centro.

CAPÍTULO III

- 5.- Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.
- 6.- Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega.
- 7.- Programa de formación do profesorado no centro
- 8.- Plan lector do Centro
- 9.- Programa de formación en centros de traballo.
- 10.- Medidas para mellorar os resultados da avaliación diagnóstica
- 11,. Avaliación da propia programación.

CAPITULO I.

1.-PLAN ANUAL

1.- OBXECTIVOS DO CENTRO PARA O CURSO 2011/2012

1.1.-Contexto e localización

A poboación escolar conforma de xeito natural a base sobre a que se terá que desenvolver un país tanto desde o punto de vista económico como social. Este desenvolvemento futuro ven determinado polos niveis de formalización e mesmo adecuación que consigamos na educación dos mozos de hoxe. Unha análise detallada das características dos nosos escolares pode servir tanto para a planificación de melloras nos programas educativos como para a previsión de futuros problemas de natureza diversa: rendemento escolar, desenvolvemento profesional, mellora da convivencia social, etc.

O fracaso escolar, a violencia xuvenil, os trastornos de conducta, o consumo de substancias tóxicas e as adiccións a idades temperás son algúns dos temas de constantes preocupación para pais, educadores e responsables políticos. Para poder dar respostas satisfactorias a estes e outros problemas, é necesario avaliar a situación dos escolares desde unha perspectiva que teña en conta as determinantes psicolóxicas, familiares e sociais que concorren en cada individuo, familia ou grupo social. A actuación coordinada de todos os axentes implicados no proceso educativo, tan importante como necesaria, será máis fácil se se dispón dun estudo pormenorizado dos factores sinalados. Esa é a nosa pretensión e así queremos expoñela no presente documento.

O IES de Pastoriza está situado no Concello de Arteixo dentro da área de influencia metropolitana da Coruña, polo que o número de habitantes está a medrar constantemente. Neste momento a poboación do Concello sitúase nos 27.175 habitantes agrupados fundamentalmente nos núcleos de Arteixo, Vilarrodís, Galán, Pastoriza e Meicende. O Concello está integrado na súa maioría por xente nova e de procedencias xeográficas moi variadas xa que é unha zona de recepción de inmigración. No seu ámbito está instalado un dos parques industriais e empresariais máis grandes de Galicia que dá traballo a un gran número de pais e nais dos nosos alumnos e alumnas. Está circunstancia determina de xeito fundamental a actividade do Centro tanto no que respecta ao rendemento académico como conductual ou social dos rapaces.

Unha grande parte da poboación do Concello procede dos concellos limdeiros, sobre todo das comarcas de Bergantiños e Soneira. O Centro está formado así por un alumnado de perfil moi variado: alumnos procedentes do mundo urbano, semiurbano e rural. A iso hai que engadir un alumnado moi diverso procedente doutras nacionalidades, países sudamericanos, europeos, africanos, e doutras comunidades autónomas. Polo que respecta ás características sociais e económicas da zona non se pode falar dunha situación favorable para o estudo e mesmo a convivencia. Unha das consecuencias inmediatas que determina esta situación é a do fracaso escolar do noso alumnado, ao que hai que engadir ademais os numerosos problemas de orde social ou económica que contribúen a iso na sociedade actual: pouca motivación diante do estudo, perspectivas laborais pouco estables, familias desestructuradas e con escasos recursos económicos, etc.

As sinais de identidade do Centro aprobadas no Proxecto Educativo de Centro son:

- Á atención a diversidade.
- O Proxecto Ponte dos Brozos
- A Interculturalidade

Cabe salientar que os recortes que está a facer a Consellería de Educación incidirán de xeito significativo e negativo na calidade do ensino que estíbese a mellorar nos últimos anos. Con respecto ao curso anterior o centro sufriu unha diminución de oito profesores. O que implica o seguinte:

- Desaparición dos desdobres nas materias instrumentais en 1º ESO.
- Desaparición do grupo de adquisición de linguas para alumnos estranxeiros.
- Desaparición do Plan PROA
- Desaparición da reunión de titores coa orientadora e a xefa de estudos.
- Reducción de horas adicadas á biblioteca, aos recreos deportivos, musicais, etc.
- Reducción de actividades extraescolares e complementarias.
- Reducción de horas adicadas as diversas comisións: convivencia, TIC, etc

A isto hai que engadir o peche da biblioteca en horario vespertino por parte do Concello de Arteixo

Consonte ás circunstancias que determinan o funcionamento do Centro e mesmo as devanditas sinais de identidade, a CCP do IES de Pastoriza coa aprobación unánime do Claustro e o Consello Escolar propón os seguintes **obxectivos**:

1.-2.-Obxectivos

A) Atención á diversidade

.-Obxectivos específicos:

- Atender de forma individualizada ao alumno.
- Realizar probas específicas de distinta natureza: personalidade, aptitudes, rendemento cognitivo, habilidades específicas, trastornos, etc.
- Crear un grupo de adquisición de linguas en lingua galega para alumnos inmigrantes.
- Elaborar un PAT eficaz.
- Procurar medidas correctoras e solucións positivas para os alumnos e alumnas que queren abandonar os estudos, e como consecuencia diso adoitan manter comportamentos disruptivos.
- Articular medidas alternativas para ao alumnado exento de francés. Está previsto que sexan atendidos por un profesor que contribuirá a mellorar as competencias nas materias instrumentais destes rapaces.
- Continúase a traballar coas MAD establecidas polo departamento de orientación.

- Metodoloxía de traballo:

- A partir da información aportada polos titores e o Departamento de Orientación, elaborárase un material de traballo.
- A Comisión de convivencia tentará dar apoio efectivo aos titores e grupos onde se detecten máis problemas de abandono, disciplina, rendemento..., mediante actuacións equilibradoras e sobre todo constructivas para as partes implicadas.

- Potenciar o papel da Xunta de Delegados, para que os alumnos e alumnas se impliquen, e a súa vez impliquen ós seus compañeiros, nunha acción convivencial máis democrática para que o proceso de ensino-aprendizaxe poida mellorar e sairen reforzados en igual medida os aspectos relacionais.
- Potenciar as reunións da Escola de Pais e Nais on line a fin de convencer ás familias do valor do esforzo, o traballo diario, a disciplina, etc.
- Fomentar as reunións de titores e pais para traballar sempre na mesma liña.

B) Potenciar o sentimento de pertenza e identificación co Centro.

C) Continuar co desenvolvemento da comisión de Convivencia. Nesta liña escomenzada os cursos anteriores haberá que procurar os seguintes obxectivos:

- 1.- Garantir a mediación na resolución de conflitos, para o que se ten previsto seguir formando aos nosos alumnos e alumnas como mediadores eficaces e apoiar aos xa existentes.
- 2.-O Equipo de Disciplina será o encargado de impoñer, de forma consensuada e democrática, as sancións disciplinarias correspondentes, sempre presididas polo principio de aplicar medidas correctoras de conducta antes que represoras.
- 3.- Dar continuidade na medida das posibilidades horarias á Aula de Convivencia.
- 4.-Continuarase traballando co Observatorio da Convivencia nos termos recollidos na normativa vixente.

D) Contribuírase á integración de todas as persoas da Comunidade Educativa.

E) Potenciar a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa do Centro para o que se levarán a cabo as seguintes iniciativas

- 1.- Continuación con los grupos de traballo entorno aos diferentes aspectos da vida educativa:
 - Comisión de Convivencia
 - Biblioteca
 - Comisión TIC: Club de informática, páxina web do centro, SIXA, etc.

- Dinamización e potenciación do uso da Lingua Galega.

- Potenciación do uso do inglés

2.- **PLAMBE** (Plan de mellora da biblioteca escolar) Pulo, fomento e potenciación da BIBLIOTECA e da lectura. Clubes de lectura en inglés, galego e castelán durante os recreos.

3.- Actividades deportivas e musicais nos tempos de lecer.

4.-Actividades de radio escolar: Radio Furoca.

5.- Iniciativas que contribúan ao fomento do Galego.

6.- Actividades que fomenten a integración da multiculturalidade.

7.- Integración de maneira máis efectiva das TICs no proceso de ensino-aprendizaxe consonte coa realidade do Proxecto Ponte dos Brozos.

8.- Potenciar o papel da Xunta de Delegados e a súa participación en todas as cuestións que afecten de maneira directa aos alumnos e alumnas, e non unicamente nas relativas ao proceso de ensino-aprendizaxe. Esta Xunta reunirse tantas veces como sexa necesario e de xeito diferenciado segundo as circunstancias -unhas veces só e outras co xefe de estudos-, a fin de tratar todos aqueles temas de interese, tendo como obriga propoñer todas as cuestións e aspectos tanto de carácter individual como colectivo que poidan axudar a mellorar o rendemento escolar e a súa formación integral como persoas libres, críticas, reflexivas e democráticas.

F) Procurar un clima de respecto e cordialidade entre os distintos membros da comunidade educativa, fomentando a educación en valores, tanto na aula coma en calquera outra dependencia do Centro: cafetería, corredores, patio, etc.

G) Potenciar a utilización da biblioteca. Para acadar este obxectivo realizaranse, entre outras, as seguintes iniciativas:

1.-Actividades de lectura guiada.

2.-Continuación coa elaboración do **Plan Lector e dos Clubs de lectura**.

3.-Continuar coa creación dunha videoteca orientada á formación dos nosos alumnos/as nos medios audiovisuais, co lema "ensinar o cine e ensinar co cine".

4.-Seguir a completar a dotación de películas educativas e as súas correspondentes guías didácticas elaboradas de forma interdisciplinar e sobre todo en educación en valores.

H) Colaborar co Concello de Arteixo para abrir o Centro polas tardes co fin de contribuír á mellora da formación dos alumnos a través de:

1.- Actividades culturais e de ocio creativo: teatro, baile, Técnicas de Estudio,etc e colaborar coa ANPA do centro a fin de poder abrir a biblioteca polas tardes

I) Potenciar o uso das linguas estranxeiras (programa de seccións bilingües). Neste senso e perante este curso escolar están a impartirse en inglés catro materias en 3º ESO(matemáticas, ciencias Sociais, Tecnoloxía e Bioloxía) e dous en 4º matemáticas, ciencias sociais)

J) Potenciar a implicación dos pais nas actividades académicas dos seus fillos.

K) Potenciar unha convivencia harmónica entre todos os membros da comunidade educativa.

L) Continuar coas actividades de "Radio Furoca" (a radio do IES. de Pastoriza).

LL) Potenciar o uso da lingua galega por medio de diversas actividades.

M) Seguir traballando na páxina web. Os diversos departamentos dotarán de contidos e materiais que se vaian elaborando. www.centros.edu.xunta.es/iesdepastoriza

N) Continuar colaborando cos diversos axentes sociais, co as administracións públicas, co empresas do entorno e con cuantas persoas contribúan ao mellor desenvolvemento das actividades lectivas, extraescolares e complementarias do noso alumnado.

1.3.- Ámbito Proxecto Ponte dos Brozos.

O Proxecto Ponte dos Brozos é unha proposta dirixida especificamente ó mundo da **educación pública** que tenta producir **cambios trascendentais** a nivel pedagóxico, metodolóxico, didáctico e mesmo relacional e funcional nos centros e nos axentes educativos, sobre a base da incorporación das **tecnoloxías da información e a comunicación ó mundo educativo**. O Proxecto, financiado pola Fundación Amancio Ortega e o **Concello de Arteixo**, ven funcionando desde o curso 2001-02. O seu ámbito de actuación vai desde a educación infantil ata o bacharelato.

Desde o curso 2003-04 o IES de Pastoriza do Concello de Arteixo -e previa autorización por parte da Dirección Xeral de Centros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria¹-, ven participando de xeito activo no Proxecto Ponte dos Brozos. A incorporación do IES de Pastoriza ao devandito Proxecto no curso 2003-04 tivo, e mantén actualmente, unhas características específicas –segundo a proposta aprobada polo claustro de profesores do centro e anexa á documentación presentada no seu día diante da delegación da Consellería na Coruña-, que conven clarificar porque, mesmo no ámbito do propio Proxecto, lle confiren unha especificidade ben evidente: **a universalización do uso das TICs**. Isto é, cada alumno vai ter a posibilidade de dispoñer e traballar cun ordenador persoal. En paralelo os profesores do claustro comprometéronse a formarse e a traballar para tentar conseguir un cambio radical nas dinámicas propias da actividade educativa e mesmo, por extensión, na maneira de entender o mundo que estamos a construír. Tratábase de axudar a producir cambios, que entendemos positivos e necesarios, que van máis alá do mundo exclusivamente educativo. Falamos, xa que logo, de cambios de mentalidade e de cambios na maneira de entender o futuro no que se terán que desenvolver as novas xeneracións que agora mesmo estamos a formar. Estamos a falar dun xeito de entender a educación como un camiño que debemos andar xuntos todos os axentes sociais.

A actual Lei de educación (LOE) define -como resposta ás demandas que a Comisión Europea de Educación ten establecido- unha serie de competencias básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida. Entende así que as competencias clave son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego. No seu desenvolvemento a LOE fai referencia ás competencias en relación a diversos aspectos: curriculum (art. 6) avaliación (art. 144 e art. 29 para o caso da ESO) e promoción (art.20). Pola súa banda o R. D. 1631/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen

¹ A autorización ten data do 14/04/06 con rexistro xeral de saída nº 008490. Nela reflíctese expresamente o seguinte: *Vista a solicitude e memoria presentada pola directora do IES de Pastoriza (Arteixo) remitidas pola delegada provincial, para participar no proxecto experimental "Ponte dos Brozos" sobre aplicación das novas tecnoloxías á ensinanza en colaboración coa Fundación Amancio Ortega.*

Esta dirección Xeral RESOLVE:

Autoriza-la devandita participación sen que esta supoña incremento da dotación por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de recursos humanos ou económicos.

as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria determina cales son as competencias nas que haberá que traballar no marco da proposta realizada pola Unión Europea. Consonte coas consideracións que se tratan no devandito R.D, téñense identificado oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadanía.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

A realidade que determina o PPdB no IES de Pastoriza permite traballar estas competencias dun xeito global desde as distintas áreas do currículo. Sen embargo no ámbito do PPdB a que se reflicte con especial énfase é a que fai referencia ao tratamento da información e competencia dixital, precisamente pola natureza do proxecto e dos obxectivos que se tentan acadar no seu desenvolvemento. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. Está asociada coa búsqueda, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, empregando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á que se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia). Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro) e das súas pautas de decodificación e transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, as súas fontes, posibilidades e a súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que se expresa.

Dispoñer de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento esixe de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer

inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e intégrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, asemade, comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen, non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senon tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación. Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras xeradoras de información e coñecemento. Utilizaranse na súa función xeradora ao empregalas, por exemplo, como ferramenta no uso de modelos de procesos matemáticos, físicos, sociais, económicos ou artísticos. Asemade, esta competencia permite procesar e xestionar axeitadamente información abondosa e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en entornos colaborativos ampliando os entornos de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formales e informales, y xerar producións responsables e creativas. A competencia dixital inclúe utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación extraendo o máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral. Tamén supón manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software y hardware que vaian xurdindo. Igualmente permite aproveitar a información que proporcionan e analizala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con entornos físicos e sociais cada vez máis amplos. Ademais de utilizalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos. En definitiva, a competencia dixital comporta facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas segundo van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos. En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital pretenden, xa que logo, conformar unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva que sexa quen de seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas. Tamén supón ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando sexa necesario, e respetar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Consonte coa realidade que determina o PPdB e as demandas que a LOE establece en relación co tratamento da información e a competencia dixital que temos explicitado anteriormente, no IES de Pastoriza téñense proxectado os seguintes obxectivos:

A).- Obxectivos específicos:

- 1.- Desenvolver e mellorar as infraestruturas e os recursos tecnolóxicos dos que dispón na actualidade o centro de maneira que se poida conseguir o obxectivo da universalización das TICs, alomenos, no seu contexto.
- 2.- Procurar a incorporación, integración e implicación dos alumnos no PPdB de xeito que o perciban como propio.
- 3.- Posibilitar e facilitar a implementación de experiencias educativas innovadoras, mesmo de carácter individual como grupal, que teñan como fundamento ferramentas ou recursos tecnolóxicos.
- 4.- Mellorar, coa utilización das TICs, as relacións entre os distintos axentes educativos; de maneira que sexa posible controlar e mellorar de xeito positivo a conflictividade.
- 5.- Implementar canles de comunicación máis áxiles e democráticas entre os distintos axentes da comunidade escolar.

B).- Obxectivos xerais:

- 1.- Acadar mediante a utilización das tecnoloxías unhas prácticas educativas máis axustadas, de maneira que se posibilite e o cambio pedagóxico; sempre sobre a base da consideración da realidade social e educativa do centro.
- 2.- Procurar un modelo de cultura organizativa que, arredor da dotación de recursos tecnolóxicos dos que disfruta o centro, permita acadar melloras substantivas nos métodos de ensino, as estruturas, o tipo de actividades e aínda nas esixencias avaliativas.
- 3.- Coñecer e empregar ferramentas, recursos ou destrezas mesmo tecnolóxicas como pedagóxicas que permitan á comunidade educativa de centro planificar desenvolver e avaliar actividades de xeito preciso e axustado á realidade.

2.- RECURSOS

2.1. Recursos humanos

2.1.1.- Alumnado

O centro conta cun total de 284 alumnos distribuídos por niveis:

1ºESO.....	94	4 grupos
2ºESO.....	68	3 grupos
3ºESO.....	77	3 grupos+PDC
4ºESO.....	52	3 grupos+PDC
PCPI- Modalidade C.....	10.....	1 grupo

2.1.2.- Profesorado

O total de profesores é de 37 dos cales 28 PES, 4 mestres, 2 profesoras de pedagogía terapéutica, 1 de relixión católica.

2.1.3.- Persoal da Administración e servicios

Postos definitivos:

- Roberto Tárraga, conserxe.
- Mª Amparo Rubio Sanchez del Valle, auxiliar administrativa
- Manuela Cancela Cabeza, limpiadora
- Mª Amparo García Mato, limpiadora
- - José Manuel Caridad, conserxe

Postos provisionais

- Beatriz García Ardión, coidadora

3.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3.1. Conformación de grupos.

Para a elaboración dos grupos de alumnos seguironse os seguintes criterios:

- Homoxeneidade no grupo/aula.
- Mesmo número de alumnos a alumnas
- Alumnos repetidores repartidos equitativamente
- Ubicación concreta de alumnos disruptivos
- Reparto equitativo de alumnos de Relixión/Alternativa

En 4º de ESO modificáronse o itinerarios (Orde 6/09/07, DOG 12/09/07) quedando da seguinte maneira, dando unha maior liberdade ó alumno na elección de materias.

Os alumnos cursarán **sete materias** comúns –ou **oito** no caso de que teñan relixión-, tres materias opcionais, que escollerán dentro dunha lista de oito, e unha materia optativa das ofertadas polo centro.

I.-MATERIAS COMÚNS

Todos os alumnos deberán cursar no cuarto curso as seguintes materias:

- 1.- Educación Física
- 2.- Educación ético-cívica.
- 3.- Ciencias Sociais, xeografía e historia.
- 4.- Lengua castelá e literatura.
- 5.- Lengua Galega e literatura.
- 6.- Matemáticas
- 7.- Primeira lingua estranxeira.

II.-MATERIAS OPCIONAIS

Os alumnos deberán cursar **tres materias** das seguintes:

Biología e xeoloxía.

Educación Plástica e visual.

Física e Química.

Informática.

Latín.

Música.

Segunda lingua estranxeira.

Tecnoloxía

III.- MATERIA OPTATIVA

Os alumnos cursarán **unha materia optativa** escollida entre as seguintes:

Segunda lingua estranxeira

Cultura clásica (se non foi cursada en 3º)

Obradoiro de iniciativas emprendedoras (se non foi cursada en 3º)

Materia optativa de centro

Calquera das materias opcionais da lista recollida no punto anterior que non fose elexida anteriormente.

ITINERARIOS

OPCIÓN A

Bio e Xeo

F e Qu

Tecnoloxía

OPCIÓN B

E.Plást. e V

Tecnoloxía

Informática

OPCIÓN C

Latín

Francés

Música

OPTATIVAS

2ª lingua Extranxeira

Informática

Biología e Xeoloxía

Cultura clásica	Obradoiro de Iniciativas emp. (Se non se escolleu en 3º)	
Ciencias Mediambientais	Educación Plástica e Visual	
Física e Química	Latín	Música

3.2. Medidas específicas da atención á diversidade. (Departamento de Orientación)

ALUMNADO PDC:

3º -11

4º -7

ALUMNADO PCPI: 10

ALUMNADO PENDENTE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA:

1º A -3

1º B -2

1º C -1

Grupo	Exención 2ª Lingua Estranxeira	Reforzo Educativo	Apoio alumnado estranxeiro/minorí as étnicas	Adaptación curricular individualizada
1º A	13	14	-	4
1º B	11	11	1	5
1º C	-	-	2	-
1º D	-	-	-	-
2º A	12	12	2	5

4.- ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS

No que se refire ó uso e disposición dos espazos, non houbo variación con respecto ao curso pasado.

- O Concello solicitou como tódolos anos a utilización do ximnasio para realizar actividades deportivas.

Aeróbic- Luns de 20,15 a 21,15h

Xoves de 20,00 a 21 horas

5.- DÍAS NON LECTIVOS DE LIBRE DISPOSICIÓN

No Claustro e o Consello Escolar celebrados o día 16 de setembro decidíronse elixir como non lectivos os días: 5 de decembro (luns) de 2010 e o 18 de maio (luns) de 2012, tralo consenso cos centros adscritos.

2.- HORARIO DO IES

2.1.- Non hai variación respecto do curso pasado.

2.2.- O centro poderá abrir polas tardes en colaboración co Concello de Arteixo e da ANPA.

2.3.- No mes de xullo o centro permanecerá aberto en horario de 9.30- 14.00 horas

3.- ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

1.- TRANSPORTE ESCOLAR:

Tanto as paradas coma os itinerarios son os mesmos do curso anterior.

2.- CAFETERÍA:

Continúase como no curso anterior.

CAPITULO II.

4.- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO. Achégase xunto con este documento.

CAPÍTULO III

5.-PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

DEP ARTA- MEN TOS	ACTIVIDADE	DATA APROX	<u>CURSOS</u>	COLABORAN	LUGAR
	CONCERTOS DIDÁCTICOS		3º-4º		A CORUÑA

RECREOS MUSICAIS

Os recreos musicais son una actividade voluntaria desenvolvida polo departamento de Música onde alumnos de distintos cursos fan música en conxunto ou ben inicianse na práctica dun novo instrumento como pode ser o piano, guitarra e frauta. Realízase nos recreos dos martes.

Interpretación dun concerto de fin de curso na sala de usos múltiples do centro.

LIN GUA CASTE LÁ	LA VOZ DE GALICIA,	SEN DETERMINAR	1º	O CONCELLO	SABÓN
	TEATRO	SEN DETERMINAR	SEN DETERMINAR		SEN DETERMINAR
	RADIO ARTEIXO	SEN DETERMINAR	4º	O CONCELLO	ARTEIXO
	CONCURSO DE REDACCIÓN	SEN DETERMINAR	2º	COCA-COLA	A CORUÑA
CIE NCIAS NATUR AIS	CASA DAS CIENCIAS	1º OU 2º TRIMESTRE	1º	MUSEOS CIENTÍFICOS	A CORUÑA
	DÍA DA ÁRBORE	2º TRIMESTRE	1º- 2º	CONCELLO DE ARTEIXO	NO CENTRO
	A FRAGA DE SISALDE	1º OU 2º TRIMESTRE	3º C	CONCELLO DE ARTEIXO	SISALDE
	ANÁLISE DA AUGA	1º- 2º TRIMESTRE	3º B	CONCELLO DE ARTEIXO	ARTEIXO
	CASA DOS PEIXES	1º OU 2º TRIMESTRE	2º	MUSEOS CIENTÍFICOS	A CORUÑA
	DOMUS	1º-2º TRIMESTRE	3º	MUSEOS CIENTÍFICOS	A CORUÑA
	DOAZÓN E TRASPLANTES DE ÓRGANOS	21 de novembro	4º	CHUAC	NO CENTRO
	TOPONIMIA EN ARTEIXO	SEN DETERMINAR	4º A	CONCELLO DE ARTEIXO	NO CENTRO

	PESCANOVA	SEN DETERMINAR	3ª	CONCELLO DE ARTEIXO	NO CENTRO
	ENCORO DE MEICENDE	SEN DETERMINAR	1º	CONCELLO DE ARTEIXO	

CIE NCIAS SO CIALES	CASTELO DE SAN ANTÓN, CASTRO DE ELVIÑA	9 e 11 de novembro	1º		A CORUÑA
	MUSEO DE BELAS ARTES	6 de marzo	4º		A CORUÑA
	VISITA A CORUÑA	3º TRIMESTRE	3º	PROXECTO TERRA	A CORUÑA
	Duas etapas do Camiño de Santiago e visita ós tellados da Catedral	SEN DETERMINAR	2º		ARTEIXO
	Conferencia sobre a busca do 1º emprego e técnicas de selección de personal	SEN DETERMINAR	P.C.P.I.		NO CENTRO

TECN OLOXÍA	DÍA DA CIENCIA EN GALEGO	4 de novembro			
	VI EXPOSICIÓN- CONCURSO DE PROXECTOS	FINAIS DE XUÑO	2º,3º,4º		NO CENTRO

EDUC ACIÓN FÍSICA	PATINAXE SOBRE XEO	DECEMBRO- XANEIRO	1º- 2º-3º-4º		COLISEUM
	VII OLIMPIADA	FINAL DE CURSO	1º 2º 3º 4º		NO CENTRO

RECREOS ACTIVOS

O departamento de Educación Física realizará actividades nos recreos.

1º TRIMESTRE

Tenis de mesa 1º, 2º, 3º, 4º.

Fútbol 1º, 2º, 3º, 4º.

Hókey 3º 4º.

Baloncesto 4º.

Preparación festival de Nadal

2º TRIMESTRE

Voleibol 1º, 2º, 3º, 4º.

Baloncesto 1º, 2º.

Balónmán 3º, 4º.

Actividades do entroido.

3º TRIMESTRE

Bádminton 1º, 2º, 3º, 4º.

Brilé 1º, 2º.

IV Xornada da muiñeira 1º, 2º, 3º, 4º.

Participación en programas educativos organizados por entidades como Xunta, Diputación, Concello.

ORIENTACIÓN	EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL	SEN DETERMINAR	3º, 4º	CONCELLO DE ARTEIXO	NO CENTRO
	VISITA O I.E.S. DE SABÓN	2º TRIMESTRE	4º	I.E.S. DE SABÓN	ARTEIXO
	DICIR NON É SAUDABLE	3º TRIMESTRE	1º 2º	CONCELLO	NO CENTRO

RELIXI ÓN	XORNADAS DE INTEGRACIÓN	SEN DETERMINAR	3º DE RELIXIÓN	CONCELLO DE ARTEIXO	NO CENTRO
	MONASTERIO DE SOBRADO DOS MONXES	SEN DETERMINAR	3º, 4º DE RELIXIÓN		
	A NOSA HISTORIA	SEN DETERMINAR	2º DE RELIXIÓN	CONCELLO DE ARTEIXO	NO CENTRO
	MONASTERIO DE SOANDRES Y MONTEAGUDO	SEN DETERMINAR	2º DE RELIXIÓN		
	O ROMÁNICO EN ARTEIXO	SEN DETERMINAR	1º DE RELIXIÓN	CONCELLO DE ARTEIXO	ARTEIXO
	VISITA Ó SANTUARIO DE SANTA Mª DE PASTORIZA	1º TRIMESTRE	1º DE RELIXIÓN		PASTORIZA

Viaxe fin de curso

A viaxe de fin de curso dos alumnos/as de 4º da E.S.O., no caso de que haxa profesorado disposto a acompañalos, realizaráse na derradeira semana do 2º trimestre.

RECREOS ACTIVOS

O departamento de Educación Física realizará actividades nos recreos.

1º TRIMESTRE

Tenis de mesa 1º, 2º, 3º, 4º.

Fútbol 1º, 2º, 3º,

Hókey 3º 4º

Baloncesto 4º.

Preparación festival de Nadal

2º TRIMESTRE

Voleibol 1º, 2º, 3º, 4º.

Baloncesto 1º, 2º.

Balonmán 3º, 4º.

Actividades do entroido.

3º TRIMESTRE

Bádminton 1º, 2º, 3º, 4º.

Brilé 1º, 2º.

III xornada da muiñeira 1º, 2º, 3º, 4º.

Participación en programas educativos organizados por entidades como Xunta, Diputación, Concello.

ACTIVIDADES DE RADIO FUROCA

Durante os recreos os alumnos e profesores elaboran, gravan, montan, editan i emiten un programa diario de radio Furoca.

Programas:

“Surcos de alborada”, “A Palestra”, “El placer de la cocina”, “El sabio dijo”, “Música R.F.”, “La peli de la semana”, “Talismán de colores”, “Concello paso a paso”, “Nous allons a Paris”, “Antena a Marruecos”, “Noticias frescas”, “A noria dos libros”, “Nosas mascotas”, “Vitaminas del corazón”, “Planeta tráfico”,

“ El pulso des Insti”.

ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

1º	ACTIVIDADE	COLABORAN	CURSOS
TRIMESTRE	NADAL	DEP. DE ACT.	TODOS
	RECUPERACIÓN DO APALPADOR	EXTRAESCOLARES	
	TEATRO I.E.S. DE PONTEDEUME	DEP. DE ACT.	TODOS
	TARTUFO	EXTRAESCOLARES CONCELLO	
	FORMACIÓN DE USUARIOS NA BIBLIOTECA	DEP.	1º

		ORIENTACIÓN E BIBLIOTECA	
	I CONCURSO "LER E ESCOITAR"	DEP. DE L. E LIT. GALEGA	1º
	CUBERTAS DA CATEDRAL DE SANTIAGO E MUSEO DO POBO GALEGO		2º
2º TRIMESTRE	ENTROIDO CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS	DEP. DE ACT. EXTRAESCOLARES	TODOS
	CONCURSO DE REDACCIÓN DE COCA-COLA	DEP. DE L. E LIT. GALEGA	2º
	CICLO CURTAMETRAXES		TODOS
	CERTAME CARTAS DE AMOR		TODOS
3º TRIMESTRE	CORRELÍNGUA		4º
	CERTAME MUSICAL "A MOCIDADE COA NOSA LÍNGUA "	DEP. DE MÚSICA	3º, 4º
	DÍA DAS LETRAS GALEGAS	DEP. DE L. E LIT. GALEGA E BIBLIOTECA	TODOS
	III DÍA DA MUIÑEIRA E XORNADA DE XOGOS TRADICIONAIS	DEP. DE E.F.	TODOS
	INTERCAMBIO CON OUTROS E.N.D.L.		
TODO O CURSO	PÁXINA WEB	COMISIÓN NOVAS TECNOLOXIAS	TODOS
	PROXECTO "ACER-EUN":CREACIÓN WIKI,BLOG OU REDE SOCIAL	PROFESORADO DE 2º	2º

	GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LÍNGUAS	DEP. DE L. E LIT GALEGA	ALUMNADO G.A.L.
	RADIO FUROCA	DEP. DE RELIXIÓN	TODOS
	ENCANTRO CON AUTORES	DEP DE L. ELIT. GALEGA	TODOS
	CERTAMES DE CREACIÓN	DEP. DE L.E LIT. GALEGA, DEP. DE PLÁSTICA E BIBLIOTECA	TODOS
	CLUB DE LECTURA	BIBLIOTECA	ALUMNADO DO CLUB DE LECTURA
	TABOLEIRO DA LÍNGUA		
	COMPRA DE LIBROS E SUBSCRICIÓN A REVISTA "LONGA LÍNGUA "	BIBLIOTECA	TODOS

Celebración de Conmemoracións

DO 1 AO 11 DE DECEMBRO- CONMEMORACIÓN DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA.

10 DE DECEMBRO- DÍA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS.

30 DE XANEIRO- DÍA DA PAZ.

8 DE MARZO- DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA.

15 DE MARZO- DÍA MUNDIAL DOS DEREITOS DO CONSUMIDOR.

DO 8 AO 12 DE MARZO- SEMANA DA PRENSA.

ENTRE O 12 E O 30 DE ABRIL- DÍA DO LIBRO

7 DE ABRIL- DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

9 DE MAIO- DÍA DE EUROPA

DO 16 AO 20 DE MAIO- SEMANA DAS LETRAS GALEGAS.

5 DE XUÑO- DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

Actividades nos recreos

O departamento de música organiza actividades musicais de carácter voluntario, para fomentar entre os alumnos/as a aprendizaxe instrumental e/ou vocal e a expresión corporal.

O departamento de E. Física organiza os "recreos activos" coas seguintes actividades deportivas:

Futcesto, tenis de mesa, futbito, baloncesto, baile, aeróbic, voleibol, Balonman, bádminton.

Radio Furoca emite durante os recreos a súa programación.

Club de informática: desenvolve actividades de apoio e asistencia técnica aos alumnos e alumnas que teñen algún problema nos seus portátiles. Esta formado por alumnos e alumnas que manifestan pertencer a este Club de xeito voluntario. O seu horario de apertura establécese nos recreos. Puntualmente no seu seo desenvólvense cursos de formación e actualización específicos para os seus membros. O seu funcionamento está asistido en primeira instancia polo coordinador do PPdB no Centro e un grupo de profesores que axudan en tarefas de coordinación e asistencia. Nun segundo plano o Club de informática ten nos técnicos da FAO unha referencia obrigada.

Viaxe de fin de curso

A viaxe de fin de curso dos alumnos e alumnas de 4º da ESO, no caso que haxa profesorado disposto a acompañalos, realizarase na derradeira semana do segundo trimestre.

Actividades aula de apoio

3º trimestre.

Saídas ao entorno escolar.

Colabora: Departamento de Orientación.

Actividades da biblioteca

"A nosa historia" narrada polos avós do concello de Arteixo para os alumnos de 1º da ESO.

Colabora o concello de Arteixo.

Organización dos Clubs de Lectura en galego, castelán e inglés.

Actividades da radio

"A radio vai a escola" para os alumnos do taller da radio.

Colabora o concello de Arteixo.

6.- PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LÍNGUA GALEGA

1.-PROXECTO PARA A NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ÍNDICE:

1.- Constitución.

2.- Estudo sociolingüístico:

- Contorno sociolingüístico do centro
- Situación do profesorado
- Situación do alumnado
- Situación lingüística do centro

3.- Obxectivos:

- Obxectivos xerais
- Obxectivos específicos

4.- Descrición das actividades de Normalización e Dinamización Lingüística para o presente curso

5.- Resumo de actividades

1.- CONSTITUCIÓN.

Debemos sempre construír a partir do feito de quen nos precedeu, e por iso queremos recoñecer que ao iniciar esta nova andaina normalizadora, atopamos un ENDL ben deseñado e ben organizado dentro da nosa Comunidade Educativa. Un bo esforzo do anterior Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e da súa coordinadora que, sen dúbida, nos ha axudar a avanzar un pouco máis no noso principal esforzo cara a mellora da normalización para que siga a ser unha constante activa na vida do centro tanto no ámbito individual como colectivo e que se achegue a todos os membros e órganos de xestión da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal laboral, Claustro, Comisión Pedagóxica, Consello Escolar, Dirección do centro, nais, pais e ANPA. Somos conscientes de que a clave do noso éxito reside en acadar a

máxima participación e os maiores apoios posibles e por todo isto queremos implicar no proceso de normalización ao maior número de persoas.

Neste sentido, e dado o cambio na coordinación e a finalización dos seus estudos do grupo de alumnos que formaban parte do Equipo anterior, renovamos o ENDL. Estamos aínda en proceso, pois falta incentivar ao novo profesorado recentemente incorporado, e ao alumnado de 1º ESO e para isto último aproveitaremos unha actividade que se vai realizar na Biblioteca no mes de outubro.

Este curso 2010-11, e a día de hoxe son compoñentes do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística:

- Profesorado:
- Fernanda Patiño Costa (Departamento Orientación)
- Teresa Mancebo López (Departamento Tecnoloxía)
- Pedro Martín Aláez (Departamento Matemáticas)
- Pablo Veiga Carreira (Departamento Música)
- Jesús Pensado Figueiras (Departamento Francés)
- Persoal non docente:
- Beatriz García Andión
- Alumnado:
- Manuel Covelo Vázquez (4ºA)
- Jesús Fraga Cereijo (4º A)
- Xaquín Fraga Mañana (4ºA)
- Sergio García Blanco (4ºA)
- Julián García Sánchez (4ºA)
- Cristina Caamaño Iglesias (4ºA)
- Alberto López Rivas (4ºA)
- Christian Mallo Vázquez(4ºA)

- Andrea Martínez Becerra (4ºA)
- Ismael Ezequiel Martínez Ramil (4ºA)
- Evelyn Montes de Oca Méndez (4ºA)
- Martín Naya Rey (4ºA)
- Daniel Pasantes Lema (4ºA)
- Inés Ramos Regueira (4ºA)
- Inmaculada Taboada Trigo (4ºA)
- Manel Tato Martínez (4ºA)
- Katia Vargas Poincignón (4ºA)
- Vanesa Vázquez Pulido (4ºA)
- Laura Villar Rodríguez (4ºA)
- Luis Miguel Cao Tuset (4º B)
- Mario Martínez Muñiz (4º B)
- Daniel Vázquez Fernández (4ºB)
- Katerina Bolaño Romero (4º C)

- Profesora coordinadora do Equipo:
- Margarita Fernández Ledo

2.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.

- Contorno sociolingüístico do centro:

O concello de Arteixo está dentro da área de influencia metropolitana da Coruña. Conta cunha extensión de 9.350 hectáreas organizadas en 13 parroquias e é un dos poucos concellos de Galicia que nos que segue a medrar a súa poboación, agrupada fundamentalmente nos núcleos de Arteixo, Vilarrodís, Galán, Pastoriza, Suevos e Meicende.

Pastoriza, a parroquia onde está situada o centro, esténdese ao longo dunha estrada que une a capital do municipio, Arteixo, coa Coruña. Esta localidade está situada entre dous importantes polígonos industriais e empresariais que dan traballo a un grande número de pais e nais do noso alumnado: O Petón (en Meicende) e Sabón (en Arteixo). Por este e outros motivos a poboación orixinaria das diferentes parroquias convive con familias procedentes de bisbarras como Bergantiños, emigrantes retornados e novos habitantes procedentes do estranxeiro. Todos eles instaláronse na procura de traballo, fuxindo da vida no campo, ou buscando unha nova vida fóra das escasas perspectivas dos seus países de orixe.

- **Situación do profesorado:**

O centro conta con 37 profesores na súa maioría de procedencia galega, se ben é certo que os non galegos levan asentados na nosa comunidade longo tempo e todos teñen a capacitación suficiente para impartir docencia en lingua galega.

- **Situación lingüística do alumnado:**

A día de hoxe no centro están matriculados 284 alumnos. De todas maneiras é habitual que varíe o seu número xa que somos un centro de recepción de alumnado inmigrante.

No IES de Pastoriza a lingua principal dos alumnado é o castelán e percibimos un proceso progresivo de abandono do galego. Aínda así o número de galego falantes é maior no ámbito familiar e aumenta se nos referimos á lingua de relación cos avós.

Parte do alumnado procede de familias galego falantes nas que observamos que cando un dos membros do núcleo familiar non ten como lingua de relación o galego, adoita ser a nai, mentres que o pai se mantén máis na lingua orixinaria.

Malia que no ámbito rural é onde se acadan as porcentaxes máis altas de uso do galego e sendo este o seu idioma materno, non por iso a estima que se ten da lingua é positiva. Os estudos de sociolingüística confirman que é nos sectores semiurbanos e entre a poboación máis nova, onde hai un menor dominio da variedade estándar e seguen sen estar superados os prexuízos sobre o propio idioma.

Ao sermos un dos maiores centros de recepción de inmigrantes de Galicia contamos cunha alta porcentaxe de alumnado doutras nacionalidades, fundamentalmente de: América (Colombia, Uruguai, Venezuela, Arxentina, Brasil, Bolivia, República Dominicana, Cuba), África (Marrocos e Senegal), Europa (Portugal, Suíza, Alemaña, Romanía, Ucraína), e outras comunidades españolas (Cataluña, Canarias, Aragón e Andalucía).

Durante os anos que leva funcionando o centro observamos que dentro da aula se facía moi difícil traballar cunhas porcentaxes tan altas de inmigrantes recentemente incorporados ao sistema educativo. Encontrabamos que nunha mesma aula convivían alumnos galego falantes, castelán falantes e outros que non tiñan nin o galego nin o castelán como lingua de referencia, e a isto había que sumar que a recepción de alumnos inmigrantes era (e segue sendo) continua durante todo o curso académico. Por tal motivo considerouse que o centro tiña que estar preparado para dar resposta rápida a estes alumnos sen coñecementos da lingua e determinouse dedicar unhas horas para a adquisición da nosa lingua.

O curso pasado, por exemplo, o Departamento de Lingua e Literatura Galega tiña 3 horas de dedicación a eses alumnos estranxeiros para a adquisición da nosa lingua. Porén este sistema non resultaba de todo operativo xa que tiñamos que sacar fóra das aulas a un alumnado que precisaba apoio e reforzo en todos os ámbitos. Ademais esas tres horas non podían funcionar só como clases de reforzo e resultaban insuficientes; a idea nacera para que os alumnos estranxeiros conseguisen un nivel no dominio da lingua equiparable ao que tiñan o resto dos compañeiros, que -ademais de pertenceren moitos deles a familias galego falantes, cursaran estudos de galego e en galego durante todos os seus anos de escolaridade.

Por todo isto a anterior Coordinadora do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística (Montserrat Collazo Trigo), realizou a final do curso 2009-10 unha proposta á Comisión de Coordinación Pedagóxica, ao Claustro do Profesorado e ao Consello Escolar para crear un Grupo de Adquisición de Lingua (GAL) dirixido, en principio, ao alumnado de 1º e 2º da ESO. A proposta foi aceptada e este curso 2010-11 entrou en funcionamento. Deste xeito o alumnado estranxeiro que cursa 1º ESO ou 2º ESO recibe 23 sesións de apoio lingüístico e científico para que a súa incorporación ao sistema educativo galego sexa óptima. O resto do horario complétao dentro do seu grupo de referencia co que asiste ás materias comúns. No momento en que se considere que acada o nivel adecuado, abandonará o grupo GAL e continuará os seus estudos co seu grupo de referencia.

- **Situación lingüística do centro:**

O IES de Pastoriza é un centro que ten matriculado alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO e un grupo de PCPI, cun total de 17 unidades.

Observamos un nivel aceptable pero mellorable na utilización do galego no que respecta á relación que o centro mantén coa contorna:

- ✓ A comunicación oficial coas familias realízase en galego.

- ✓ No que atinxe á lingua utilizada na comunicación co alumnado altérnase o uso de galego e castelán. Non todos os carteis, anuncios ou avisos están en lingua galega, nin tampouco é a única lingua empregada nas relacións orais.
- ✓ O persoal laboral utiliza o galego maioritariamente.
- ✓ A ANPA utiliza como lingua vehicular maioritaria a galega aínda que sen coidado na normativización.
- ✓ Hai que destacar tamén que o noso centro conta con dúas seccións bilingües en inglés, polo que este terceiro idioma está tamén moi potenciado e ten unha presenza cada vez maior.
- ✓ Parte da documentación que se envía necesita unha revisión previa antes de ser entregada aos seus destinatarios, e neste sentido xa nos ofrecemos á Comunidade Educativa (CCP, Claustro e Consello Escolar) para realizarmos as correccións necesarias cando nos pidan asesoramento.
- ✓ O IES de Pastoriza está integrado dentro do Proxecto Ponte dos Brozos, que pretende unha potenciación do uso das TICS dentro do ensino e no que destaca o uso de ordenadores portátiles de xeito cotiá por parte do profesorado e o alumnado. Outra característica é a formación permanente do profesorado e a dotación de infraestrutura e recursos persoais para manter un complexo sistema de rede informática. Se pensamos que hoxe en día case todo o software co que podemos contar está en inglés e español, isto é un escollo que temos que salvar se queremos prestixiar o noso idioma e facelo unha lingua útil, moderna e competitiva que estea en pé de igualdade coas outras. Neste sentido é importante o labor do ENDL e por iso xa realizamos unha petición para este curso: que se instalen en todos os ordenadores os correctores na nosa lingua para Open Office.
- ✓ Ao sermos un centro pioneiro na aplicación das novas tecnoloxías un grupo de profesores que impartimos 2º ESO estamos a participar nun proxecto do ITE. A nosa proposta a este respecto vai consistir no fomento da nosa lingua coa creación dunha WIKI, Blog ou rede social.
- ✓ Contamos cunha radio escolar (RADIO FUROCA) na que participan moitos alumnos. Este é un instrumento moi importante na normalización lingüística xa que ten moi boa acollida e ao redor dela que canalízanse moitas das inquedanzas do noso alumnado.

3.- OBXECTIVOS.

Os obxectivos deste Equipo de Normalización e Dinamización acóllense ao Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego dentro do sistema educativo. Para alcanzalos haberá que partir duns obxectivos xerais e doutros máis concretos.

Obxectivos xerais:

O obxectivo de todo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística ten que pasar pola creación de actitudes lingüísticas que se poidan aplicar á totalidade da comunidade escolar, pois a normalización é un tema que transcende do individual para instalarse na responsabilidade colectiva. Podemos marcar como obxectivos xerais do plan:

- Valorar a lingua galega como propia, como medio de comunicación privilexiado e elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
- Considerar a pluralidade lingüística como un patrimonio da humanidade e de riqueza persoal.
- Concibir a lingua como un instrumento de comunicación a través do cal estruturamos o noso pensamento e transmitimos os nosos coñecementos, isto é: codificamos o noso universo persoal, colectivo e cultural.
- Potenciar a expresión oral como manifestación de sentimentos, emocións e coñecementos, procurando a utilización de diversos rexistros, así como a maior riqueza léxica e expresiva, ademais da corrección lingüística.
- Fomentar o carácter instrumental da expresión e da creación escrita, así como a súa vinculación co ámbito persoal por estaren intimamente ligados co feito literario e coa utilización da nosa lingua en todos os seus ámbitos.
- Valorar as variedades sociais e xeográficas do idioma galego con vistas á aprendizaxe da lingua estándar libre de interferencias e prexuízos.
- Primar a actividade lectora como medio formativo e informativo, como vehículo para desenvolver o gusto literario, a creación persoal, ademais da riqueza lingüística e o divertimento.
- Acrecentar e recuperar o noso vocabulario, e as manifestacións vivas –tradicionais e actuais- da nosa lingua e as actividades positivas cara a ela.
- Achegarse ao descubrimento das posibilidades que ofrece a sociedade do coñecemento, aplicado ao ámbito lingüístico galego, representado no mundo das novas tecnoloxías.

Xa que logo, haberá que procurar un cambio nas actitudes, teóricas e prácticas, que dea como resultado persoas máis informadas, tolerantes, conscientes e competentes nos temas lingüísticos. En definitiva, búscase asumir, valorar, dignificar e prestixiar a lingua a todos os niveis.

Obxectivos específicos:

- Asesorar tecnicamente á comunidade educativa no que se refire a cuestións lingüísticas.

- Potenciar o coñecemento e o cumprimento da normativa vixente por parte do profesorado, alumnado, persoal non docente e pais de alumnos, estes últimos por medio do Consello Escolar.
- Coordinar o labor normalizador dos diversos membros da comunidade educativa, dar a coñecer o grande esforzo da normalización a todos os niveis e potenciar o coñecemento teórico das bases da normalización lingüística entre a comunidade educativa.
- Colaborar coas familias inmigrantes no proceso de aprendizaxe e utilización da nosa lingua.
- Potenciar a revalorización do galego como código de comunicación en todas as tarefas administrativas e informativas do centro.
- Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.
- Potenciar a vinculación co noso hábitat natural e a relación cos nosos maiores para nos empaparmos do universo cultural que atesouramos e así poidamos contribuír á conservación de tradicións, crenzas, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Conservación do noso patrimonio cultural e natural de forma que se coñeza máis e mellor Galicia e a nosa comarca a través de diferentes rutas, facendo fincapé en personaxes ilustres, tradicións, costumes, festas populares ... dende o convencemento de que só se pode amar aquilo que se coñece.
- Fomentar a identificación e o orgullo persoal e colectivo do alumnado para coa cultura galega.
- Coordinar a compra de material bibliográfico, fonográfico, multimedia e relacionado coas TICS en galego.
- Colaborar estreitamente coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos Departamentos involucrados no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística dos alumnos que retornen da emigración ou que sexan de novo asentamento. Neste sentido propúxose a finais do curso pasado a creación do Grupo de Adquisición de Linguas (GAL) que entrou en funcionamento este curso.

Para a consecución deses obxectivos propuxemos unha medida inicial que consistiu en ofrecérmonos aos órganos de xestión do centro para mellorar a normalización e a normativización do centro colaborando na revisión de documentos:

- do ámbito administrativo: burocracia e elementos que identifican o centro.

- da xestión pedagóxica e didáctica: formación académica do alumnado e transmisión profesorado e alumnado.
- do ámbito de interacción co contorno: actuacións que parten do centro con destino ao contorno máis próximo (familias, concello, asociacións, institucións ou outros centros). Neste sentido é especialmente importante a axuda ás familias inmigrantes no proceso de normalización.

4.-DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA ESTE CURSO.

- A presenza e **uso das TICs** no centro ten unha importancia clave, xa que estamos integrados no Proxecto Ponte dos Brozos, promovido pola Fundación Amancio Ortega e que ten como obxectivo primordial a utilización das novas tecnoloxías como ferramentas de uso e axuda no ensino. O ENDL empregará na medida do posible estas novas ferramentas de traballo e promoverá o seu uso por parte da comunidade educativa. A este respecto xa solicitamos aos técnicos informáticos a instalación de correctores lingüísticos en galego nos ordenadores do alumnado. Ademais propoñémonos para este curso:
 - **Creación dunha WIKI, Blog ou rede social** relacionando o ENDL coa participación no proxecto piloto ACER-EUN (*Acer e European Schoolnet Educational Netbook Pilot*) sobre o uso educativo do ultraportátil do ITE e no que participan seis países. A primeira etapa do proxecto piloto comezou a principios de 2010, e actualmente estamos na fase de pleno desenvolvemento (desde setembro de 2010 ata xuño de 2011):
<http://centros.edu.xunta.es/iesdepastoriza/?q=category/22/147>
 - Posta en funcionamento da **sección de Normalización Lingüística na páxina web do Instituto** onde se porá a disposición de toda a comunidade un abano de ferramentas lingüísticas (dicionarios electrónicos, correctores ortográficos...) e o acceso a distintos portais informativos e de interese xeral en galego:
<http://centros.edu.xunta.es/iesdepastoriza>
 - Realización dun **ciclo de curtametraxes** galegas en galego en coordinación co IES Audiovisual de Vigo e a CGENDL.

- **Asistencia a espectáculos** teatrais, cine, conferencias, contadores de historias, recitais poéticos, exposicións ... na medida das nosas posibilidades e da oferta que o Concello de Arteixo ou outros Concellos achegados nos brindan.
 - Na primeira quincena de outubro asistiremos á representación de *Tartufo* que a compañía de teatro do IES de Pontedeume realizará no Centro Cívico de Arteixo.
- **Participación en concursos** de creación, programas educativos, actividades culturais, ou certames organizados por distintas entidades e que teñan como soporte lingüístico o galego: Concellos, Xunta de Galicia, Deputación, Repsol ... Entre eles:
 - I Concurso de Lectura en voz alta "*Ler e escoitar*" convocado pola Consellería e Educación e Ordenación Universitaria (1º ESO).
 - Concurso de redacción da Coca-cola (2º ESO).
- **Apoio e dotación de material ao Grupo de Adquisición de Linguas (GAL).** (Ver *Situación lingüística do alumnado*)
- Fomento e coordinación das actividades que se desenvolvan en relación co **Día das Letras Galegas** dedicado a Lois Pereiro. Incorporaremos á WIKI ou Blog do proxecto ACER-EUN as actividades e traballos que realicemos en torno á súa figura. Ao redor desta xornada organizaremos o III Día da Muíneira e unha xornada de xogos tradicionais.
- **Fomento do uso da biblioteca** do centro e a **lectura** de libros en galego:
 - Ampliación dos fondos bibliográficos e multimedia.
 - Subscrición anual á revista *Longa Lingua*.
- **Colaboración** xunto co Equipo da Biblioteca nas actividades relacionadas co **Club de Lectura, co 2010: ano do libro e a lectura, e aquelas outras que se desenvolvan ao longo de 2011.**
 - Participaremos nunha actividade de Formación de Usuarios dirixida ao novo alumnado de 1º ESO e que se desenvolverá no mes de outubro.
 - Elaboración do Plan Lector de centro.
- **Encontro con autores** en colaboración coa Biblioteca e o Departamento de Lingua e Literatura Galega, para reafirmar as lecturas que faremos ao longo do curso.
- **Fomento da oralidade:** para que o alumnado se desenvolva en galego é imprescindible que as familias se involucren neste labor e para isto tentaremos levar a cabo diversas sesións de intercambio de información entre avoas/avós, nais/pais ou calquera outro familiar que estea dispoñible.
 - Actividades teatrais co alumnado

- Certame de oralidade “Tíralle da lingua” se temos alumnado para participar.
- **Coordinación con outros Equipos de Normalización e Dinamización** da vila e da bisbarra para a realización de actividades conxuntas e intercambiar ideas e proxectos. A respecto deste punto cobran especial sentido os seguintes apartados:
 - Participación no **Correlingua** da Coruña.
 - Colaboración e participación (se temos grupo que nos represente) no certame musical “**A mocidade coa nosa lingua**”, xunto co Departamento de Música.
 - **Intercambio do alumnado integrado no ENDL** con outros equipos como premio ao seu traballo.
- **Recuperación das tradicións e festas do ano** en colaboración con outros Departamentos, recreando festas anuais como:
 - o Samaín (e o decorado de cabazas)
 - o Nadal (coa figura do Apalpador)
 - o Entroido (e os disfraces e comparsas)
- Organización e convocatoria de **concursos de creación** literaria, científica ou plástica en colaboración coa Biblioteca e os distintos Departamentos que teñan como soporte lingüístico o galego e sirvan para difundir e revalorizar a nosa lingua e cultura:
 - relatos de medo e terror no Samaín
 - concurso de cartas de amor en febreiro
 - pancarta para o Correlingua
 - concurso para buscar un nome, unha mascota e un deseño de marcador de páxinas para a Biblioteca.
- Colaboración coa radio do centro – **Radio Furoca**- na creación de novos espazos e programas.
- Mantemento do **taboleiro da lingua**, espazo destinado á exposición pública de todos aqueles temas e cuestións de actualidade sobre a lingua e a literatura.
- Realización de **saídas culturais** conxuntamente con todas as materias que teñan como motivación a promoción e difusión da lingua e a cultura galegas e que sirvan como elemento galeguizador para os alumnos, ben entre eles, ben en contacto con outros centros e outras realidades. Nestas saídas culturais colaboraremos con varios Departamentos e procuraremos para algunha delas o apoio que ofrece o Proxecto Terra. Visitaremos:
 - Arteixo a través de actividades de sendeirismo (EF)

- o Ruta polos muíños de Guitiriz e o Balneario (EF)
- o Parque natural das Fragas do Eume (EF e R)
- o Castelo de Moeche (EF e R)
- o Actividade acuática na Ría de Ares ou A Coruña (EF)
- o Betanzos cunha travesía polo río Mandeo (EF)
- o Santiago, coa visita ás cubertas da Catedral, e ao Museo do Pobo Galego. (EF e LG)

Orzamento total aproximado: 2.835 euros

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística comprométese a desenvolver todas estas actividades se obtén o financiamento necesario para levalas a cabo se ben participación nos distintos Concursos e Certames dependerá da disposición e características do noso alumnado.

7.- PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO

Levaranse a cabo en coordinación coa Fundación Amancio Ortega os seguintes cursos:

1.- Organizarase un curso de formación inicial nas novas tecnoloxías para os profesores novos que se incorporan o PPB durante o curso de permanencia no centro

2.- Téñense solicitado diante do CFR un Proxecto de Formación en Centros e un Grupo de traballo. No primeiro caso desenvolverase baixo o epígrafe: Competencia dixital e intelixencias múltiples. No caso do grupo de traballo o tema será o da iniciación o uso da TICs en entornos educativos.

Igual que en cursos anteriores prevese a organización de actividades de formación relacionadas co PPdB, o PFAC solicitado e as tecnoloxías da comunicación e a información: asistencia a congresos, visitas a outros centros, conferencias organizadas no ámbito do Proxecto Ponte dos Brozos, etc..(Calendario pendente de elaborar).

3.-Solicítouse un Seminario Permanente no marco das SS.BB e outro no Departamento de Ciencias Naturais.

8.-PLAN LECTOR DO CENTRO

1.-Resumo do proxecto:

Organizar e pór en funcionamento a biblioteca de Centro a fin de permitir o acceso da comunidade educativa a unha serie de recursos que apoién o programa de ensino e aprendizaxe, integrando a biblioteca no traballo cotián escolar e incluíndo as súas actividades no Plan de Centro. O desenvolvemento do servizo de préstamos, a integración da biblioteca no horario escolar en coordinación cos distintos ciclos e niveis, as diferentes actividades integradas no Plan de Centro (Semana Cultural, Plan de Animación á Lectura) e a implicación da AMPA establecerá un marco idóneo para a implantación do proxecto.

A biblioteca escolar é un recurso imprescindible para formar ao noso alumnado na consulta e na selección das diversas informacións, así como na formación do autoconocimiento. Pretendemos que sexa un espazo para o achegamento da lectura de textos literarios e informativos, en formato impreso, audiovisual ou multimedia, para que adquiran o hábito lector e formar unha comunidade lectora. Desexamos que o noso Centro educativo xogue un papel fundamental no fomento de actitudes positivas en torno ao libro e á lectura. A partir del pódase elaborar proxectos de lectura a medio e longo prazo mediante un plan de actuacións. Tendo como recurso a biblioteca escolar, garantimos a existencia de fondos en diversos soportes e o seu achegamento ao alumnado. Durante o pasado curso levouse a cabo unha gran obra de remodelación do Centro e actualmente estase realizando a organización de materiais e estase pondo en marcha novamente o servizo de préstamos a alumnos e profesores. Queremos conseguir que este espazo convértase nun lugar de usos múltiples cunha organización adecuada para todos os ciclos. O proxecto lector do Centro complementará e servirá de apoio importante aos diversos proxectos educativos que se desenvolven actualmente no noso Centro: Escola: Espazo de Paz, Atención á Diversidade de Xénero (Coeducación), Centro TIC, O deporte na escola...O proxecto lector insérese nas finalidades educativas do noso centro: * Atención á igualdade de dereitos e deberes entre os sexos desenvolvendo a cooperación e colaboración en traballos de grupo (familiar, veciñal, escolar...).

* Exercicios de tolerancia e respecto aos dereitos individuais e colectivos, evitando calquera tipo de discriminación negativa ante a raza, relixión e sectores deprimidos da poboación e educando na solidariedade e cooperación.

* Atención ao desenvolvemento equilibrado da personalidade do alumnado mediante a adquisición de hábitos e técnicas de traballo crítico e creativo e comportamento democrático, fomentando a integración dos membros da comunidade con necesidades educativas especiais.

* Favorecer e establecer un clima de convivencia e comunicación entre os diversos sectores da Comunidade Educativa, potenciando a participación dos pais e nais na vida escolar e na consecución das finalidades educativas.

* Fomentar a capacidade de esforzo chegando ao convencemento da súa necesidade para a superación de dificultades e consecución de logros.

2.-Obxectivos xerais.

1.-Utilizar a biblioteca escolar, integrándoa na práctica docente, transformándoa nun centro xerador de actividades que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritoras e habilidades de aprendizaxe.

2.-Implicar e dar participación aos distintos sectores da comunidade educativa nas propostas do programa co fin de contribuír a crear un ambiente lector dentro e fóra do aula e do centro.

3.-Deseñar e elaborar materiais de traballo e propostas para a promoción lectora.

4.-Seleccionar libros xuvenís e de imaxinación, informativos e documentais para dotar as bibliotecas de aula, a biblioteca do centro e realizar recomendacións de lectura.

5.-Organizar e celebrar xornadas de animación lectora.

6.-Proporcionar apoio ao programa de ensino e aprendizaxe.

7.-Acceso da comunidade educativa a unha serie de recursos e servizos.

8.-Habituar á comunidade educativa á utilización das bibliotecas con finalidades informativas, recreativas e de educación permanente.

9.-Dotar aos estudantes das capacidades básicas para obter e usar de forma autónoma diferentes recursos e servizos.

10.-Integrar a biblioteca escolar no traballo cotián do centro.

11.-Incluír no Plan de Centro e na Memoria Final os seus plans de traballo e actuacións, incluíndo unha avaliación final e unhas propostas de mellora.

12.-Dotar á biblioteca, de forma permanente, dos recursos necesarios para o seu funcionamento.

3.- Obxectivos específicos.

1.- Aprofundar na relación do neno/a coa biblioteca como lugar máxico que permite saciar a súa curiosidade.

- 2.- Espertar, crear e estender o gusto pola lectura.
- 3.- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- 4.- Profundar nos hábitos de comportamento na biblioteca.
- 5.- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e demais materiais existentes.
- 6.- Iniciar aos nenos/as na metodoloxía bibliotecaria.
- 7.- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.
- 8.- Manexar autónomamente os recursos dispoñibles na biblioteca.
- 9.- Buscar, clasificar e aproveitar os recursos para ampliar os coñecementos adquiridos no aula.
- 10.- Respetar o clima que debe concorrer nunha biblioteca.
- 11.- Ampliar a súa visión do mundo, abrir a súa mente a outras realidades e culturas con actitude de respecto.
- 12.- Incrementar o interese e o gusto pola literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- 13.- Espertar a necesidade de elaborar as súas propias creacións.
- 14.- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e materiais existentes.

4.-Resultados esperados co desenvolvemento do proxecto.

1.- O proxecto lector do IES PASTORIZA pretende recompilar toda a documentación , materiais e recursos didácticos existentes no centro que sexan de uso e tratamento por parte da biblioteca, situalos nun espazo especialmente condicionado onde organizar e consultar devandito material mediante un sistema accesible de información centralizado e informatizado.

2.- Aspirar, mediante unha serie de actuacións, ofrecer información á comunidade educativa para satisfacer as necesidades curriculares, culturais e complementarias.

3.- Contribuír á educación permanente dos nosos alumnos e preparamos para aprender por si mesmos, sendo un lugar de reunión de información múltiple en soportes variados (préstamos de materiais, apertura en horario lectivo con visitas dos grupos).

4.- Intervir na vida do centro, colaborando nas múltiples actividades culturais e recreativas organizadas ao longo do ano polos diferentes compoñentes da comunidade educativa (Claustro, Consello Escolar, AMPA...).

5.- Un espazo de integración social, contendo a materiais diversos que atendan a intereses variados, buscando unha efectiva igualdade de dereitos. Polo tanto, un proxecto entroncado na realidade diversa e plural da nosa contorna e que se integra cos demais proxectos nos que está involucrada a nosa comunidade escolar: Coeducación, Escola de Paz...

6.- A biblioteca escolar facilítase documentación relativa aos temas transversais, ofrecendo dossiers, elaborando materiais, elaborando exposicións e propiciando as actividades e debates sobre temas comunmente acordados e propostos pola comunidade escolar.

7.- A biblioteca escolar enfocarase na axuda ao traballo persoal dos alumnos, como lugar de estudo e realización de tarefas escolares e programas de estudo dirixido.

8.- Pretende ser un lugar de información literaria e doutros recursos que responda a intereses diversos desenvolvendo programas de lectura, actividades culturais, días do libro, xornadas de animación á lectura, etc.

9.- O proxecto de biblioteca escolar require coordinación, organización de traballo en equipo, posta en marcha de recursos, uso de medios audiovisuais informáticos e impresos, implicación de pais e nais de alumnos, colaboración de institucións e asociacións, así como a avaliación dos traballos realizados polo programa posto en práctica.

5.-Metodoloxía de traballo

Axustaranse á seguinte metodoloxía :

1.- Análise da situación de partida e estudo da información recolleita (isto condiciona o resto do traballo e permitirá obter datos reais e que leve a formular obxectivos axustados aos recursos cos que conta o Centro). Confeccionaranse cuestionarios relacionados coas características e dotación da nosa aula-biblioteca, sobre a tipoloxía dos documentos existentes, cantidade, actualización, servizos (se os presta) que a biblioteca desenvolve no Centro.

2.- Definición dos obxectivos.

Definiranse uns obxectivos xerais consensuados e aprobados en Claustro para pasar a concretar, con cada Ciclo, os obxectivos específicos

3.- Determinar as actuacións e actividades que contribuirán á consecución dos obxectivos. Cada profesor achegará ao seu Ciclo aquelas actividades que lle parezan idóneas para desenvolver no plan de traballo da Biblioteca escolar. Con elas conformarase o núcleo de actuacións a seguir durante o proxecto de traballo. Periodicamente valorarase a oportunidade de devanditas actividades para a súa aplicación ou modificación se as circunstancias o requiren.

4.- Avaliación e revisión dos resultados.

Ao final do curso, nas reunións de avaliacións, farase unha análise dos resultados para comprobar ata que punto desenvolvéronse as iniciativas propostas.

Realizaranse enquisas e informes onde se recolla o impacto que tiveron os servizos que ofrece a biblioteca e se cobren as necesidades do usuario. No Claustro e Consello Escolar de fin de curso exporase a memoria resumen do traballo realizado e así planificar o ano próximo. O papel do equipo de profesores e profesoras pódese resumir dicindo que participarán e realizarán as actividades propostas no proxecto descrito (realizar enquisas, confeccionar cadros de datos , suxerir actividades, elaborar listas de libros e documentos , establecer prioridades, animar á lectura, formar a biblioteca de aula, participar en todas as actividades e celebracións organizadas en torno ao libro e á biblioteca, participar en reunións, planificar tarefas, realizar achegas sobre o regulamento de funcionamento da biblioteca, confeccionar a memoria final de curso ...)

6.-Interese e implicación do profesorado

O interese e implicación do profesorado para o desenvolvemento do proxecto é total. Existiu un gran apoio para a presentación e realización deste proxecto. A súa implicación é e será esencial , pois os grupos de alumnos e alumnas son protagonistas e partícipes do núcleo de accións e actividades que se plasman nel .

O proxecto pode supor logros na autoformación do profesorado ao incluír na súa práctica docente unha serie de actuacións e técnicas que inciden de forma transversal no currículo , facéndoo máis gratificante e axudando á consecución de obxectivos fundamentais a nivel de lecto-escritura, inserción social, participación , autoaprendizaje...

7.-Actuacións a realizar

1.- Organización e catalogación dos fondos da biblioteca escolar cun deseño adaptado aos alumnos/as:

*Clasificación de armarios e seccións.

*Sinalización e rotulación de seccións e temas.

*Colocación de etiquetas seguindo patróns de cor, aos diversos materiais.

*Plastificación de etiquetas.

2.- Rexistro informatizado dos materiais da biblioteca escolar.

3.- Entrada, rexistro e etiquetaxe dos materiais chegados ao Centro dos diferentes organismos, consellerías, editoriais e todos os adquiridos polo Centro.

4.- Confección de materiais: fichas de libros e material audiovisual, fichas persoais de lectura, separadores...

5.- Organización das bibliotecas de aula no Centro.

6.- Elaborar cadernos pequenos, sinxelos adaptados aos diferentes niveis do alumnado do Centro que expliquen como está organizada a biblioteca e que recursos poden ser utilizados segundo a idade.

7.- Integración dos obxectivos e funcións da biblioteca escolar no Proxecto Educativo de Centro.

8.- Crear distintos ficheiros de consulta: ficheiro de libros, ficheiro de lecturas persoais e de datos dos lectores.

9.- Utilización da biblioteca durante o horario escolar, como lugar de lectura e estudo dirixido, así como para o traballo persoal.

10.- Servizo de préstamos a alumnos e profesores, podendo estenderse ao resto da comunidade educativa (antigos alumnos, pais e nais, etc.).

11.- Establecer en horario lectivo, un servizo de biblioteca escolar a todos os cursos do centro, acordado en Claustro e en coordinación cos ciclos (cada titor terá unha visita dunha hora semanal á biblioteca cunha actividade planificada).

12.- Confección dunha folla de recomendacións de lecturas para todos os ciclos (Nadal e fin curso).

13.- Implicación de pais e nais. Desde a biblioteca, desde o Centro, a través de follas informativas, carteis, boletíns, informarase aos pais e nais de:

*Os horarios e actividades da biblioteca escolar.

*Características dos libros segundo idades, intereses e niveis.

*Títulos e temas actualizados por medio de recomendacións e suxestións de lectura para os seus fillos.

*Noticias e novidades en torno ao mundo do libro infantil e xuvenil.

14.- Crear unha folla de suxestións da biblioteca escolar dirixida a alumnos, profesores e pais.

15.- Realización de enquisas á comunidade escolar sobre temas relacionados coa biblioteca e a lectura.

16.- Inclusión no Plan de Centro e na Memoria o conxunto de actividades, actuacións e intervencións da biblioteca para a súa aprobación polo Claustro e o Consello Escolar.

17.- Realización de concursos e certames:

*Mascota da biblioteca.

*Slogan da biblioteca.

*Guías de lecturas para a semana cultural e efemérides.

*Certames de poesía, contos...

18.- Apoio da biblioteca a todas as actividades organizadas polo Centro (día da Paz, día da Constitución, día de Andalucía, semana cultural, entroido, Nadal...).

19.- Apoio na preparación de visitas culturais e excursións á provincia e cidades da comunidade galega, incluídas as actividades extraescolares do Plan de Centro.

20.- Organización de xornadas de animación á lectura.

As actuacións que se indican son a realizar durante tres cursos escolares. Durante este curso preténdense realizar as seguintes actuacións:

1.- Organización e organización dos fondos.

2.- Formación da biblioteca de aula.

3.- Aprobación das condicións e requisitos básicos .

4.- Implicación de pais e nais.

5.- Creación de follas de suxestións

6.- Realización de enquisas.

7.- Convocar concursos e certames.

As seguintes actuacións realizaríanse durante os tres cursos do proxecto, sen menoscabo na continuación das actividades propostas para o curso anterior:

- 1.- Rexistro e etiquetaxe de materiais.
- 2.- Confección de materiais.
- 3.- Elaboración de caderno pequeno
- 4.- Utilización da biblioteca.
- 5.- Servizos de préstamos
- 6.- Inclusión do proxecto no Plan de Centro e na Memoria final.
- 7.- Informatización da biblioteca.
- 8.- Integración do proxecto no Proxecto Curricular de Centro.

Actuacións trimestrais, semanais...

- 1.- Apoio a todas as actividades conmemorativas do centro
- 2.- Apoio na preparación de visitas culturais e excursións.

8.-Recursos dispoñibles.

- 1.- Aula-biblioteca.
- 2.- Andeis e mobiliario para libros.
- 3.- Material audiovisual (cintas de vídeo,CD; DVD).
- 4.- Ordenadores portátiles con acceso a internet.

9.- Avaliación.

A avaliación debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións, valoracións, a través de entrevistas, enquisas, encontros, reunións, etc. Hai que realizar unha autoavaliación nas reunións dos equipos, así como un seguimento e atención do programa que desenvolvemos na biblioteca escolar.

A avaliación debe ser un proceso continuo e actualizado: interesa analizar as situacións de partida do alumnado, do profesorado e dos sectores implicados no contexto do proxecto. Tamén é necesario coñecer o desenvolvemento do traballo e a súa incidencia: dinámica de traballo dos equipos; uso dos servizos creados e

dos medio disponibles; adaptación aos imprevistos e cambios no centro. Todo iso pode servir para revisar, reconducir e modificar calquera aspecto dos elementos que interveñen durante o proceso.

Debe facerse un balance global e por apartados dos resultados da posta en práctica do proxecto.

Ao longo dos cursos o responsable da biblioteca xunto co resto do profesorado deben analizar unha serie de indicadores, criterios ou referencias respecto ao plan de biblioteca e desenvolvemento do programa de promoción lectora, respecto ao alumnado e ao profesorado que lles permitan coñecer a calidade dos traballos, así como aspectos relacionados cos elementos que configuran o proxecto. Deste xeito, a planificación inicial estará en continua revisión.

Podemos enumerar unha serie de criterios para avaliar o desenvolvemento do proxecto e o logro dos obxectivos propostos:

Respecto ao alumnado :

- 1.- O índice de lectura e o hábito creado a través da fichas de lecturas persoais e dos controis de préstamo e uso das bibliotecas de aula e de centro .
- 2.- O grao de autonomía e participación dos equipos do alumnado.
- 3.- Valoración dos textos propios e do dominio de lecturas diversas.

Respecto ao profesorado:

- 1.- A inclusión do uso da biblioteca escolar nas súas programacións de aula.
- 2.- O cambio de actitude respecto de metodoloxías, contidos, actuacións, no campo do fomento da lectura e escritura no Centro .
- 3.- A integración dun tempo dedicado á promoción lectora nas súas horas de traballo diario e a organización e uso da biblioteca de aula.
- 4.- Grao de colaboración e participación nas actividades escolares e extraescolares organizadas desde a biblioteca escolar

Respecto dos pais e nais:

- 1.- O coñecemento real dos obxectivos do programa así como a súa dispoñibilidade e participación nas actividades organizadas.
- 2.- Os recursos humanos e materiais que acheguen .

3.- Os seus papeis de axentes dinamizadores e animadores doutros pais e nais.

10.- Coordinación con outras entidades

A coordinadora do proxecto lector establecerá os mecanismos e canles necesarias para que a coordinación con outras entidades, asociacións e organismos relacionados co fomento da lectura realícese de forma adecuada.

2.-PROXECTO CLUB de LECTURA

NOME DO CLUB DE LECTURA

A Noria dos Libros

2.1.-Breve historia

O noso Club de Lectura iniciou a súa andadura o curso pasado e, como resultado da lectura dos libros, creamos un pequeno cine – forum, elaboramos material que logo pasou a formar parte da nosa biblioteca (unha guía de lectura e un cómic) e, finalmente, creamos un espacio novo na nosa emisora de “Radio Furoca”, espacio que leva o mesmo nome que o Club (“A NoRiA dOs LiBrOs”) e no que cada semana se recomenda a lectura dun libro, do que logo se poden facer comentarios no mesmo espacio do blog

([http:// radiofuroca.blogspot.com](http://radiofuroca.blogspot.com))

2.2.- Obxectivos

- **Esportar** nos rapaces a motivación-afición a ler .
- **Mellorar** a expresión escrita.
- **Mellorar** a vocalización e a dicción-interpretación.
- **Alimentar** a sensibilidade e a reflexión (sobre un mesmo e sobre o contorno). Proporcionar aos rapaces información e comprensión do mundo, desenvolvendo a súa curiosidade e capacidade crítica, así como a súa propia identidade, xa que os textos ou relatos doutros, moitas veces evocan nos lectores episodios vividos e, ademais, as situacións e os personaxes dun relato, dan lugar a distintas interpretacións que permiten un intercambio que sempre resulta enriquecedor.
- **Promover** a lectura con imaxes,textos mixtos (cómic, asociacións de imaxes, etc.) e textos tanto en prosa como en verso.
- **Descubrir** as posibilidades da lectura colectiva.

- Aprender a **buscar** información en diferentes soportes (libros, enciclopedias, Internet, diccionarios, etc.) para realizar traballos ou polo simple pracer de ler.

2.3.- Actividades previstas

Animación á lectura:

- Partirase dun libro (de pouca extensión), e buscarase información do autor así como fotografías e mapas que ilustren a súa vida e os lugares asociados a esta. Para isto utilizarase o material da biblioteca en soporte escrito, e tamén os ordenadores portátiles que teñen os propios alu
- Despois da lectura do libro (alternando a lectura en voz alta coa lectura silenciosa) farase unha posta en común onde os rapaces poidan expresar de forma espontánea as súas opinións.
- Elixirase un capítulo e, a partir del, cada quen construíra unha dramatización; ou ben elixirase un fragmento e, tomándoo como punto de arranque, crearase unha narración curta. As dramatizacións e narracións curtas iranse emitindo no espacio literario ("Surcos de Alborada") que ten a nosa emisora de radio Radio Furoca).
- Un día reuniremonos todos os compoñentes do club e iremos a unha librería para que cada quen compre un libro do seu agrado. Despois cada un fará unha pequena reseña do seu libro na que aporte as súas sensacións e reflexións sobre a lectura do mesmo. Esa reseña emitirase igualmente en Radio Furoca no espacio "O Libro da Semana". Esta actividade levarase a cabo unha vez ao mes, facendo unha presentación individualizada e oral de cada libro seguida dunha rotación de todos os libros, de xeito que cada compoñente do club poida ler libros diferentes e escoitar opinións variadas do mesmo libro.

Tomando como punto de referencia todas as lecturas poderanse realizar tamén outras actividades creativas tomando como base os diferentes personaxes:

☺ Carta a un personaxe favorito:

Escribir unha carta a un personaxe favorito, expoñéndolle o que se viu nel para elixilo e contándolle as propias experiencias vitais.

☺ Proponer melloras nas relacións entre o personaxes:

Crear un texto alternativo no que se ofrezan solucións aos conflitos.

● Reconstruír a biografía dun personaxe secundario:

Tratar de describir os antecedentes vitais dun personaxe, e todas aquelas experiencias que puidesen xustificar a súa conduta.

2.4.-Composición e número de participantes

O Club estará formado por tres persoas fixas (quedando aberto a calquera tipo de participación, tanto de alumnos como de profesores ou de persoal non docente):

- M^a Élida Barrela Muínelo
- M^a Cruz Gabiola Peleteiro
- Goretti Hermida

2.5.- Forma de organización e funcionamento

Traballarase nunha dobre vertente:

- Lectura como pracer (libros en castelán e en galego): combinando tres tipos de lectura:en silencio, en voz alta e con imaxes.

No último trimestre o material creado, sempre que sexa posible (e se no club hai representación de rapaces procedentes doutros países), será traducido a diferentes linguas e, posteriormente, maquetado para enviar a unha imprenta e que pase a formar parte dos propios fondos da biblioteca como material de consulta e de disfrute da lectura.

Faranse, igualmente, exposicións e emisións radiofónicas periódicas na emisora do centro.

- Lectura para aprender e informarse (periódicos, revistas, Internet, etc.): elaborarase unha guía de lectura dun libro que se elixa para traballar e profundar de forma máis crítica.

2.6.- Horario e calendario previsto

Haberá reunións nos dous recreos (10:20-10:45 / 12:25-12:45) de cada día e, se é posible, organizaranse reunións algunhas tardes, dependendo da dispoñibilidade dos compoñentes.

2.7.- Medios previstos para a súa difusión

- Taboleiros expositivos.

- Emisora de radio (Radio Furoca).
- Impresión-maquetación do material.
- Creación dun espacio dedicado aos libros no Blog de Radio Furoca

<http://radiofuroca.blogspot.com>

Formará parte do PLAN LECTOR o seguinte CLUBE DE LECTURA.

9.-Programa de formación en cetros de traballo

O IES de Pastoriza implementou hai tres cursos un PCPI- Modalidade C. Este ano contamos con un grupo de 10 alumnos que cursan diferentes perfís profesionais. A saber:

- Mantemento de vehículos: 5 alumnos realizan as tarefas de formación de mércores a venres nas seguintes empresas: Opel Villarrodís (Aldao Motor), Autotet, Talleres Mosquera, Breogán Motor e Renault Casás.
- Carpintería: 4 alumnos, 2 en Puertas Delfín, 1 en Carpintería Arce, e 1 en Redema, S/L
- Peiteado e estética: Peluquería Rebeca S.L

O titor de FCT fará un seguimento das actividades formativas a través da ficha individualizada de actividades diarias que vai realizando o alumno, así como unha visita mensual a cada empresa que ten previsto levar a cabo de xeito ordinario e algunha outra se fose necesario.

10.- Medidas para mellorar os resultados da avaliación diagnóstica

- a).- Reforzo nas áreas instrumentais aos alumnos exentos de francés. (1º e 2º)
- b).- Adquisición de Lingua Galega para alumnos que veñen doutras comunidades ou países.
- c).- Plan PROA, se o conceden.
- d).- Potenciación da lectura a través dos clubs de lectura.

Esta Programación Xeral Anual foi aprobada por unanimidade no Claustro e o Consello Escolar o de outubro de 2010

Esta Programación está “colgada” na páxina web do centro www.centros.edu.xunta.es/iesdepastoriza para que

poída ser consultada por calquera membro da comunidade educativa

Unha parte do programa de actividades complementarias e extraescolares que quedaran pendentes foron aprobadas

Pastoriza, 20 de outubro de 2011

A directora e presidenta do Consello Escolar
do IES de Pastoriza.

Antonia Pascual Carnicero